

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteseis de febreiro de dous mil dezaoto ; as dez horas da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona María López Touza , Don Javier Iglesias Sendín., Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezanove de febreiro de dous mil dezaoto (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**Outorgamento licenza de obras 2104/2017 RIB / N/ 158.1/17**

Visto o escrito presentado por **Dona Yanira González Rodríguez e don Santiago García Araújo solicitando licenza de obras en base a** “ Modificado de Proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar illada en Francelos” , redactado polo arquitecto don Enrique Otero González colexiada nº 3784 , visado polo Colexio Profesional de Arquitectos de Galicia con data de 17 de xullo de 2017 e Documentación técnica denominada “ Subsanación de deficiencias e aportación de documentación sobre modificado de Proxecto básico e de execución para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar illada en Francelos ( Ribadavia)” redactada polo citado arquitecto e presentada con data de 12 de xaneiro de 2018.

Consta “ Modificado de Proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar illada en Francelos” , redactado polo arquitecto don Enrique Otero González colexiada nº 3784 , visado polo Colexio Profesional de Arquitectos de Galicia con data de 17 de xullo de 2017 e Documentación técnica denominada “ Subsanación de deficiencias e aportación de documentación sobre modificado de Proxecto básico e de execución para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar illada en Francelos ( Ribadavia)” redactada polo citado arquitecto e presentada con data de 12 de xaneiro de 2018.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 20 de Febreiro de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 20 de febreiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, acorda :

Conceder licenzas a Dona Yanira González Rodríguez e don Santiago García Araújo solicitando licenzas de obras en base a “ Modificado de Proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar illada en Francelos” , redactado polo arquitecto don Enrique Otero González colexiada nº 3784 , visado polo Colexio Profesional de Arquitectos de Galicia con data de 17 de xullo de 2017 e Documentación técnica denominada “ Subsanción de deficiencias e aportación de documentación sobre modificado de Proxecto básico e de execución para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar illada en Francelos ( Ribadavia)” redactada polo citado arquitecto e presentada con data de 12 de xaneiro de 2018.

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licenzas outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

**2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Rehabilitación de vivenda unifamiliar.-

**Contía na que se orzan as obras:** Non altera o orzamento de execución material do proxecto inicial.

**Situación e emprazamento das obras:** Encrucillada nº2, na solicitude nº4 Francelos.

**Referencia catastral:** 9409905NG6890N0001TP e 9409904NG890N0001LP

**Nome ou razón social do promotor:** D<sup>a</sup> Yanira González Rodríguez e don Santiago García Araújo

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezaioito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

**Liquidación do ICIO:** Dado que se altera o orzamento de execución material do proxecto inicial, se practica unha liquidación complementaria por importe de 5,38 euros

**OUTRAS CONDICIONS.-**

-As obras axustaranse ao “ Modificado de Proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar illada en Francelos”, redactado polo arquitecto don Enrique Otero González colexiada nº 3784, visado polo Colexio Profesional de Arquitectos de Galicia con data de 17 de xullo de 2017 e Documentación técnica denominada “ Subsanación de deficiencias e aportación de documentación sobre modificado de Proxecto básico e de execución para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar illada en Francelos ( Ribadavia)” redactada polo citado arquitecto e presentada con data de 12 de xaneiro de 2018.

-Antes do inicio das obras deberán presentarse o Oficio de Dirección de Execución das Obras e o Oficio de Coordinación en materia de seguridade e saúde.

-Debe constituir un aval económico para garantir o correcto estado do vial público ao remate das obras por importe de 648,43 euros.

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na normativa aplicable.

Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público. Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

Visto o escrito presentado por **Don Amando Martínez Deaño** , onde solicita Licenza para “ Proxecto de Muros de sostemento para viña” documentación técnica redactada polo enxeñeiro de obras públicas don Diego Conde Rodríguez, colexiado nº 21.384 .

Consta no expediente:

-Documentación técnica denominada “ Proxecto de Muros de sostemento para viña” redactada polo enxeñeiro técnico de Obras públicas D Diego Conde Rodríguez, colexiado nº 21.384.

-Resolución favorable da Axencia Galega de Infraestruturas.

- informe favorable da Sra Arquitecta municipal dona Mercedes Alvarez López de 20 de febreiro de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 21 de febreiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

**Conceder licencia a Don Amando Martínez Deaño** , para “ Proxecto de Muros de sostemento para viña” segundo documentación técnica redactada polo enxeñeiro de obras públicas don Diego Conde Rodríguez, colexiado nº 21.384 .

### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

## 2.- Condicións particulares:

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará** muro de sostemento para viña.

**Contía na que se orzan as obras** €euros

**Situación e emprazamento das obras :** Estrada OU- 405 Ribadavia A IBIA, p.k. 1,330 marxe esquerda.

**Clasificación urbanística do solo:** Solo rústico de protección ordinaria

**Nome ou razón social do promotor:** Amando Martínez Deaño.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de (6) meses e o prazo de remate de tres anos , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

**Liquidación do ICIO** Non procede a práctica de liquidación complementaria

## OUTRAS CONDICIONS.-

-As obras executaranse segundo “Proxecto de Muros de sostemento para viña” , documentación técnica redactada polo enxeñeiro de obras públicas don Diego Conde Rodríguez, colexiado nº 21.384 .

Antes do inicio das obras presentarase Oficio de Dirección de Obras.

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de seguridade e saúde recollidas na normativa aplicable.

## 3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Escrito de don José Luis Paz Vázquez , no que expón que sendo denegada a eficacia da comunicación previa presentada para construción dun galiñeiro de bloque, pranchas onduladas de fibrocemento, tella e rede de 10 m2 en estrada OU 504 , nº 81 de San Cristobo, solicita a devolución do importe abonado do ICIO de 42 euros.

A xunta de goberno acorda acceder a devolución dos 42 euros ingresados en concepto de ICIO.

Escrito de don José Rafael Areda Vidal solicitando cambiar o titular da taxa de uso do cemiterio de don José Areda Cuiñas, xa falecido , a don José Rafael Areda Vidal.

A xunta de goberno acorda acceder ao cambio de titular da taxa de uso do cemiterio solicitada a nome de don José Rafael Areda Vidal.

Escrito de dona Angeles Giraldez Vázquez, con rexistro de entrada no concello 874 de 22 de febrero de 2018, no que expón que “ se me han cargado mensualmente 9 € del abono mensual residente infantil desde junio 2017 cuando mi hija no ha acudido a ninguna actividad” e solicita “ que se me devuelva la cantidad de 81 € del abono , correspondientes a los meses desde junio 2017 hasta febrero 2018 (9€x9 meses) .

Visto o informe emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes :” O procedemento de pagamento do aboamento ao Servizo Municipal de Deportes por domiciliación autorizado polo interesado/a( adxunto copia 31/10/2009) renovase de xeito automático según o protocolo establecido. Polo que o interesado debe comunicar o cesamento do mesmo.Na documentación que obra no servizo municipal de deportes non consta notificación de cese de aboamento.”

A xunta de goberno local , por unanimidade, acorda non acceder á devolución solicitada.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

Non houbo.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-**

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes o exercicio 2018, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 22 de xaneiro de 2018 e publicadas no B.O.P. nº 27, de 2 de febreiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollese as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado: “Festival UKP Day”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases.

##### **Contratación proxecto de “ Mellora de camiños municipais no concello de Ribadavia”**

Con data de 5 de febreiro de 2018 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

No expediente constan:

-Proxecto de Mellora de camiños municipais no Concello de Ribadavia asinado polo enxeñeiro don Salvador Añel Prada de data de xuño de 2017..

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado polo alcalde de data 2 de febreiro de 2017

-Informe de secretaría de data 2 de febreiro de 2017.

A xunta de goberno local , por unanimidade, acorda:

1- Aprobar o expediente de contratación , mediante procedemento negociado sen publicidade para a obra de “ Mellora de camiños municipais no concello de Ribadavia”

2-Aprobar un gasto por importe de 44.391,98 euros , IVE engadido.

3-Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares.

4- Invitar, alomenos, a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económicas para a execución de dita obra , relacionando o Sr alcalde ás seguintes empresas a invitar:Excoviga SL, Aopil SL, Daniel Novoa Iglesias.

Presentadas as seguintes ofertas:

Con número de rexistro de entrada 829 de 20 de febreiro de 2018 Daniel Novoa Iglesias.

Con número de rexistro de entrada 838 de 20 de febreiro de 2018 AOPIL SL.

Con número de rexistro de entrada 851 de 21 de febreiro de 2018 Excoviga SL.

A documentación xeral , sobre A, se presenta correctamente.

A oferta económica, sobre B:.

Daniel Novoa Iglesias, 44.200 euros e dous meses de ampliación do prazo de garantía,  
AOPIL SL 44.281 euros e ampliación do prazo de garantía de un mes.

Excoviga 44.330 euros e un mes e medio de ampliación do prazo de garantía

A proposición economicamente máis ventaxosa é a presentada por Daniel Novoa Iglesias.

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

- Formular proposta de adxudicación a favor de Daniel Novoa Iglesias
- Requerir a Daniel Novoa Iglesias para no prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte á recepción da notificación da presente presente a documentación xustificativa de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas n epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, estar afiliado e de alta na seguridade social no réxime que corresponda por razón da actividade e atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e de seguridade social e constituída, en calquera das formas previstas polo artigo 96 do Real Decreto legislativo 3/2011 que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público ( en efectivo, mediante aval ou contrato de seguro de caución) a garantía definitiva polo importe de 1745,90 euros, correspondente ao 5% do importe de adxudicación sen computar o IVE.
- Notifíquese a presente resolución aos candidatos non propostos como adxudicatarios con réxime de recursos

### **ENTROIDO 2018**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda conceder as seguintes subvencións de acordo coas bases aprobadas pola Concelleira de Cultura para a participación de charangas e comparsas nos desfiles do Entroido 2018:

- Comparsa Ciklon, por importe de 800 euros.
- Comparsa Cruz Vermella, por importe de 226 euros.
- Comparsa Revolución Show, por importe de 1.200 euros.
- Charanga Trópico de Grellos, por importe de 1.350 euros.
- Comparsa Carballeda, por importe de 700 euros.
- Comparsa San Esteban de Novoa, por importe de 400 euros.
- Comparsa Maside, por importe de 495 euros.
- Comparsa San Paio, por importe de 400 euros.

Que se lle notifique o presente acordo os interesados e os servizos de Intervención de Tesourería.

### **SOLICITUD DE SUBVENCION.-**

**Resolución do 26 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de enerxías renovables para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.**

O abeiro da Resolución do 26 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de enerxías renovables para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Acollerse a devandita Resolución solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Caldeira de biomasa para a sede da



Policia Local”, por importe de 11.608,76 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela”.

2º.- Designar como representante legal da entidade solicitante o Sr. Alcalde, Don José Ignacio Gómez Pérez.

3º.- Que o inmovible onde se pretende instalar a caldeira de biomasa, obxecto de petición de subvención e de titularidade municipal.

Dase conta do Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia a Fundación Galicia Obra Social e Abanca Corporación Bancaria SA.

Dase conta do Acordo entre a Axencia Galega de Emerxencias e o concello de Ribadavia para a entrega de un desfibrilador semiautomático externo para servizos de emerxencias , cofinanciado nun 80% polo FEDER no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, obxectivo temático 05, prioridade de inversión 05.02 , obxectivo específico 05.02.01, Liña de actuación 05.02.01.03.

#### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dez                    horas e quince minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.